

SESIÓNS DE RADIO

SESIÓN RADIO 12 XANEIRO: O castigo físico non educa

1

Educación é un proceso que persegue formar á persoa, ensinalle a vivir e a convivir. A educación non é so un proceso individual. Somo seres sociais e necesitamos aprender a ser persoas cos demais. Non hai un único método válido para educar, como non hai unha soa forma de sociedade.

Sen embargo, a pesar da súa aceptación en moitas sociedades, o castigo físico non é unha forma de educar. Non educa, confunde e provoca diferentes efectos sobre os rapaces e rapazas:

- O castigo físico paraliza a iniciativa do neno/a, bloquea o seu comportamento e limita a capacidade para plantexar e resolver problemas.
- Cando teñen medo de ser castigados non se arriscan a intentar cousas novas, de xeito que non desenvolven a súa creatividade, a súa intelixencia e os seus sentidos.
- Non fomenta a autonomía do neno/a nin lle permite elaborar normas e criterios morais propios.
- Fai que respondan á sanción, non a súa propia iniciativa nin a responsabilidade que os seus proxenitores desexan inculcarlle.
- Fomenta unha relación na que os nenos/as logran máis atención que os pais e nais a través da transgresión á norma.
- Ofrece a violencia como un método válido para resolver conflitos, aprendendo actitudes violentas.
- Dificulta o desenvolvemento de valores como a paz, a democracia, a cooperación, a igualdade, a tolerancia, a participación e a xustiza, esenciais para unha sociedade democrática.
- A violencia xera violencia. O castigo físico lexítima o abuso de poder dentro de todas as relacións familiares.

- O castigo físico implica sempre castigo emocional, posto que o cariño dos pais e a súa aprobación son o sostén afectivo do neno/a, e as labazadas poñen isto en tela de xuízo.

2

As normas son necesarias, o castigo físico non. As normas axudan aos nenos e nenas a coñecer os límites que lles permiten dar estabilidade e coherencia ao mundo social no que viven. Pero o obxectivo debe estar en que os nenos e nenas as fagan súas mediante un proceso crítico e autónomo. Así poderán incorporarse canto antes ao mundo dos adultos, contando coas normas dos seus maiores e á vez coas súas propias visións e aportacións.

O castigo físico non permite o razoamento, ao estar rifado co diálogo, ao sustentarse na diferenza de forzas entre adulto e neno.

Nota: falar tamén da responsabilidade legal do castigo físico (dar unha labazada).

SESIÓN RADIO 19 XANEIRO: O deporte, un factor de desenvolvemento para a adolescencia

Realizar actividade física xera beneficios para a saúde, non só no seu aspecto biolóxico, senón que tamén favorece a sociabilidade e cuestións de índole psicolóxicas, polo que é aconsellable en todas as etapas evolutivas da vida.

Sen embargo, debido ao enorme desenvolvemento tecnolóxico, a actividade física foi reducida tanto en mozos/as como en adultos, xerando como síntoma máis visible o sedentarismo e as súas consecuencias.

A importancia do deporte na saúde física, mental e social do adolescente é indiscutible. Por iso, é necesario ter en consideración os beneficios da realización de deportes físicos nesta etapa da vida.

A formación do carácter

A través do deporte foméntase a disciplina e responsabilidade; valora o esforzo para acadar uns obxectivos, sendo a cooperación fundamental para lograr eses obxectivos; fomenta o respecto e a aceptación das diferenzas, etc.

Por outra banda axuda a sociabilizar, así como pon de relevo as similitudes e salva divisións culturais e étnicas. Promove o sentido de pertenza, desenvolvendo valores como a xenerosidade, compartindo alegrías e decepcións, e xerando un sentimento de aceptación por parte dos demais.

Tamén a través dos deportes individuais se fomentan a creatividade a autonomía das persoas, a confianza nun mesmo.

Outros beneficios psicolóxicos

Diminúe a ansiedade. A mobilidade corporal regular axuda a canalizar ansiedades xeradas pola etapa madurativa propia do adolescente. Posibilita a liberación de tensións e a distracción das preocupacións, diminuindo a irritabilidade e outros estados emocionais.

Moi recomendado para persoas que padecen estrés ou depresión.

Mellora a capacidade de memoria e concentración, ao aumentar o fluxo de osíxeno ao cerebro.

Beneficios físicos

Diminúe o tempo dedicado a actividades lúdicas e sedentarias, previndo enfermidades como trastornos cardíacos, obesidade, etc.

Promove un benestar inmediato, posto que durante a actividade se produce a liberación de endorfinas, encargadas de xerar sensación de benestar e vitalidade.

Fortalece os ósos e os músculos, baixa a presión arterial e os niveis de colesterol.

Contribúe a unha adecuada maduración do sistema músculo-esquelético e das súas habilidades psicomotoras.

Beneficios psicosociais e de protección

Compartir esta posibilidade de ocio con pais, nais ou familiares, fomentando cada vez relacións mais estreitas e estables.

Considerando os sucesos que acontecen actualmente, é de importancia mencionar que o deporte é considerado un factor de protección elemental: prevén a adquisición de hábitos prexudiciais para a saúde como o son o consumo de drogas tanto legais como ilegais.

4

SESIÓN RADIO 26 XANEIRO: Sistemas educativos alternativos

No último informe PISA evidenciouse que, en termos xerais, o fracaso escolar, é dicir, o abandono dos estudos antes de finalizar a educación secundaria superior, sigue encontrándose no 24%.

Demasiados estudantes atrapados nun círculo vicioso de pobre rendemento e desmotivación que solo conduce a resultados aínda peores e a desvinculación da escola. Métodos educativos ríxidos, que esixen a todos e todas por igual, que non teñen en conta as intereses do alumnado, as súas diferentes capacidades, que so promoven a competitividade en aras de superar un exame.

Atrás deberían quedar os métodos de ensinanza ríxidos e tradicionais. Cada vez son máis coñecidos novos métodos que intentan respectar o ritmo de aprendizaxe dos nenos e nenas así como satisfacer os seus intereses. Sistemas de ensinanza alternativos que se afastan do réxime tradicional, centrados en potenciar non so o desenvolvemento cognitivo senón tamén as habilidades sociais e emocionais dos nenos e nenas.

É de sobra coñecido, cada vez máis, o sistema educativo finlandés, considerado un dos mellores do mundo. En que se basea este? Consideramos interesante analizar algunhas das súas características, e reflexionar sobre as diferenzas e similitudes deste co noso propio sistema educativo.

1. Os docentes son profesionais valorados, con gran prestixio na escola e na sociedade.
2. A educación é obrigatoria entre os 7 e os 16 anos, gratuíta e accesible a todos/as. Tampouco se paga polos libros nin polo material escolar, comida e transporte.
3. O reparto do diñeiro público realízase de forma equitativa entre os centros. Hai unha base de subvención común pero a cifra varía atendendo ás necesidades de cada un,

compensando aos que teñen mais carencias. A igualdade de oportunidades é un valor esencial.

4. O currículo é común pero os centros o deseñan e organizan, e planifican para conseguir os logros establecidos.
5. **A educación personalízase.** Dende os primeiros cursos intervense para apoiar aos alumnos con necesidades especiais, evitando que as súas dificultades aumenten e minimizando as porcentaxes de fracaso escolar. **Respectase o ritmo de aprendizaxe de cada neno e evítanse as probas e actividades estandarizadas.** Ademais os profesores soen ocuparse do mesmo grupo dende os 7 ata os 12 anos.
6. O alumnado ten tempo para todo, dándolle **importancia ao xogo e ao descanso.** Non comezan o colexio ata os 7 anos, momento no que se lles considera maduros para aprender. **Ademais as xornadas lectivas son mais curtas, apenas hai deberes e o traballo realízase na aula, non na casa.**
7. Preparar a clase é parte da xornada laboral. O profesorado destina menos tempo laboral na aula, empregando as horas restantes para preparar as leccións, investigar, organizarse, colaborar con outros mestres, etc.
8. **Evítase a competencia e as cifras. Non fan exames nin reciben calificacións** ata 5º curso (11 anos), sendo os informes descritivos, non numéricos.
9. **Premiase a curiosidade e a participación.** A imaxinación e a capacidade de emprendemento son moi apreciadas na sociedade finlandesa, fomentándoo na educación, onde se valora **a creatividade, a experimentación e a colaboración por encima da memorización e as leccións maxistrais.**
10. **Os pais e nais implícanse.** Actividades culturais, ás que se contribúe mediante axudas para a conciliación da vida laboral e familiar.